

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o día 24 de xuño de 2010

ASISTENTES:

Allegue Agüete, Pilar
Aneiros Pereira, Jaime
Barreiro Carril, M^a Cruz
Bergareche Gros, Almudena
Bouso Cedrón, Pedro
Cabeza Pereiro, Jaime
Carrera Outón, Fernán
Cordo Gómez, Sara
Dávila Millán, Encarna
Fernández Docampo, Belén
García Mosquera, Marta
Grande Seara, Pablo
Ibañez Paz, Regina
Iglesias Prado, Elena
Jiménez Alemán, Ángel Aday
Mariño de Andrés, Ángel
Martínez Hens, Helena
Muleiro Parada, Luis Miguel
Pita Grandal, Ana M.
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Rodríguez-Campos Gonzalez, Sonia
Ruíz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar
Valcárcel Fernández, Patricia
Vicente Remesal, Javier de

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes da Decana.
3. Aprobación, se procede, das guías docentes da titulación: Grao en Dereito para o curso académico 2010/2011.
4. Aprobación, se procede, das guías docentes da titulación: Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2010/2011.
5. Aprobación, se procede, da proposta de calendarios de exames das dúas titulacións que se imparten na Facultade para o curso académico 2010/2011.
6. Aprobación da composición das Comisións delegadas da Xunta de Facultade.
7. Rogos e preguntas.

Sendo as 12.22 iníciase a reunión da Xunta de Facultade

A Decana pide disculpas pola molestia que puidese ter causado o envío a través de diversos correos electrónicos da información corespondente aos temas que serán obxecto de tratamento na reunión, pero explica que dada a recente toma de posesión por este equipo dos seus cargos co lóxico tempo de adaptación a e a premura na aprobación de varios temas non se puido facer doutro xeito.

Primeiro punto: Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

A Profesora Regina Ibáñez Paz pide a palabra e explica que para entender a súa exposición considera importante ler primeiro a parte da acta á que se referirá, procedendo a dar lectura do seguinte:

“No sexto punto, o Sr. Vicedecano de docencia, prof. D. Pablo Grande, presenta a proposta de encargo de docencia adxuntada coa convocatoria desta Xunta, e informa das novas no PDA para o curso 2010/2011, que aparecen reflectidas na devandita documentación. Na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial) en terceiro curso mantense 1 grupo grande e 4 de prácticas, e en cuarto e quinto curso dous grupos grandes e catro de prácticas. Mentras que no primeiro e segundo curso do Grao en Dereito, o número de grupos é de 1 grande, 4 medianos e 5 pequenos. Con relación ao Grao a Profa. Dona Regina Ibáñez Paz, manifesta o interés dende a súa área en manter 6 grupos pequenos na materia de informática ao igual que neste curso, pois deste modo lle resultaría máis axeitado impartir e organizar a súa docencia. Proposta que somete a consideración dos membros da Xunta.

Intervén a Profa. Dona Ana Pita decindo que ese plantexamento debería ser unha aspiración a lograr para totalas materias que se imparten no grao, e non só para informática; entende que non hay motivos suficientes para un grupo máis en informática, en comparación coas demais materias. Pola súa parte, o Prof. D. Javier de Vicente manifesta que totalas materias deben ser distribuídas no mesmo número de grupos. Ante o debate suscitado, o Sr. Grande procede a someter a votación a proposta presentada inicialmente, que foi aprobada por asentimento”.

Logo de lela, explica que quere facer tres puntualizacións, a saber: recorda que a acta é un mero resumo do efectivamente tratado na Xunta de Facultade e non ten que reflectir absolutamente e con literalidade todo o debatido; que considerando isto, na súa Área están dacordo con todo o expresado na acta da sesión anterior agás cun aspecto: a referencia a que se sometía a votación a *“proposta presentada inicialmente, que foi aprobada por asentimento”*. Pon de relevo que despois do debate efectuado, eles entenderon que que se estaba votando a proposta feita verbalmente por ela mesma, non a inicialmente plantexada desde o Decanato, pois de considerar que se estaba votando a proposta inicial houbesen votado en contra.

O Profesor Pablo Grande Seara intenvén para explicar que a súa intención foi someter a votación o que se remitira por escrito coa convocatoria; é dicir, que o número de grupos que se formasen fosen os mesmos para tódalas materias.

A Decana da Facultade, expón que ela entendeu, como a profesora Ibañez Paz, que se estaba votando a nova proposta que ésta última fixera na propia Xunta.

A Profesora Carmen Ruiz Hidalgo, se expresa dicindo que, ao seu entender, na reunión non quedou de todo claro o que se estaba votando, pois ela tamén pensaba que estaba votando a proposta feita pola Profesora Ibéñez Paz. O mesmo suscribe a profesora Pilar Allegue Aguete.

Retoma a palabra a Profesora Regina Ibáñez Paz para dicir que na acta que se aprobe non debería aparecer a palabra “inicialmente”, que é a que plantexa dúbidas.

E quere deixar constancia de que lamenta a pérdida dun privilexio que podería haberse procurado para o resto de materias. En calquera caso, quere deixar constancia de que se houberen entendido que se estaba votando da forma que aparece reflectida na acta eles houberen votado en contra e houberen manifestado que non estaban dacordo con esa forma de plantexar a forma de votación.

Pola súa banda o Profesor Pablo Grande Seara pide que conste que entende que o que se tiña que votar era a proposta do decanato, que era a que contaba co visto bo do Reitorado. No seu caso, considera, que se deberían haber proposto votacións alternativas.

Neste punto a Profesora Ana María Pita Grandal pregunta se modifica a acta eliminado a palabra “inicialmente” ou se se pode substituír esa expresión por outra que resulte máis axeitada

A profesora Almudena Bergareche Gros intervén suxerindo que quizais unha forma de clarificar o tema sería substituír a palabra “inicialmente” pola expresión “proposta do Decanato”.

Apróbase por asentemento a acta coa substitución de expresións exposta.

Segundo punto.- Informes da Decana

No segundo punto, o Sr^a. Decana informou das seguintes cuestións:

- a) Desculpan a súa ausencia a esta reunión da Xunta de Facultade, os profesores que a continuación se relacionan: Dona Esther González Pillado, Don Fernando Merino Lorenzo, Dona Imma Valije, Dona Teresa Martínez Táboas, Dona María José Bravo, Bosch, Dona Margarita Fuenteseca Degeneffe e Dona Nora Martínez Yáñez.
- b) As razóns que levaron a acordar a suspensión das eleccións a renovación de membros electos da Xunta de Facultade. Éstas non foron outras que entender que as eleccións deben afectar a tódolos sectores que compoñen a Xunta, sen excluír a ningún deles, como estaba a ocorrer no proceso iniciado que deixaba fora ao sector de alumnos de 1º e 2º ciclo ao entender que este sector non esgotara o seu mandato de representación

na devandita Xunta. Exclusión que se baseaba nos pareceres, ao entender do equipo decanal dubidosos, expostos en dous informes remitidos desde a Asesoría Xurídica da Facultade.

O Profesor Pablo Grande Seara quere deixar constancia de que se ben é certo que o último informe da Asesoría Xurídica ao que se refire a Decana non é categórico, a súa literalidade permite que os alumnos eleixidos en 2009 polo sector de Alumnos de 1º e 2º ciclo poidan esgotar o seu mandato de dous anos.

A Decana explica que como é un tema que pode ter trascendencia para o futuro e realmente a postura da Universidade non é clara, é preferible plantexarlo novamente e que eles decidan. En realidade o informe, cunha interpretación literal dos Estatutos, non deixa nada claro, xa que alude a que estes alumnos teñen dereito a “esgotar o seu mandato”, pero este mandato pode ser na Xunta de Facultade que hai que renovar este ano.

- c) A recepción no Decanato dunha Resolución Reitoral do 15 de xuño de 2010 na que se comunica a verificación positiva emitida pola ANECA do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Nova pola que se congratula.
- d) A Decana informa que a partires de agora desde o Decanato se enviará información por correo electrónico de todos aqueles actos e novas con relevancia para o Centro dos que se teña noticia. Por eso solicita que as Áreas e profesores comuniquen ao Decanato os eventos que poidan ser de interese para a Comunidade do Centro, e a todos os profesores que estean atentos a estas comunicacións electrónicas.

Neste senso, roga á Delegación de alumnos que pidan se solvente o problema de comunicación que teñen, pois segundo sabe o seu correo non funciona. O representante de alumnos -Dº. Fernán Carrera Outón- confirma que sí teñen problemas de recepción dos correos e que intentarán resolvelos.

Terceiro punto.- Aprobación, se procede, das guías docentes da titulación: Grao en Dereito para o curso académico 2010/2011.

A Decana aclara que tanto neste punto como no seguinte a referencia a aprobación das guías docentes incluí tamén os horarios de cada un dos Graos.

A Profesora Dona Pilar Allegue Aguite explica que desde que se mandou por correo a información atinente a este punto da orde do día houbo pequenos cambios pero sempre por peticións de profesores concretos que acadaran acordo particular cos profesores afectados polo cambio, polo que non afectan a terceiras persoas.

A modificación máis significativa afecta aos créditos prácticos de Dereito Mercantil e Dereito financeiro cambio que afectaba a un grupo de Dereito Penal, pero se acadou un acordo entre tódolos profesores afectados. O Profesor Pablo Grande Seara pregunta se se falou cos profesores e quere que conste en acta que o cambio se fixo logo de que él como coordinador do Grao enviara os borradores cos horarios consensuados.

A Decana expón que o cambio se fixo para evitar que algúns profesores tivesen que dar máis de seis horas de clase nun só día no primeiro cuatrimestre, e que, en todo caso, hai acordo cos profesores afectados.

Interven a profesora Almudena Bergareche Gros para agradecer ao Decanato saínte o haberse ocupado dos horarios dos Graos pese a su saída. Logo diso, comenta que pola súa experiencia deste ano quere compartir unha reflexión: que as clases prácticas están a començar antes uo ao mesmo tempo que as clases teóricas, polo que os alumnos non dominan os conceptos mínimos que deben coñecer para seguir as explicacións. Isto obriga a os profesores a transformar as clases prácticas en teóricas. Por eso se pregunta se non sería oportuno organizar a docencia potenciando ao comenzo do curso as clases teóricas e pouco a pouco incluir as clases prácticas.

Ademáis apunta que para aproveitar mellor o tempo das clases pode ser bo facer que as clases prácticas teñan unha duración de máis dunha hora pois de non ser así, o cambio de aulas dos alumnos provoca que se perda moito tempo. Considera que organizar a docencia deste xeito podería ser beneficioso para o ritmo de aprendizaxe do alumnado.

A Decana manifesta que se toma nota da proposta que fai a Profesora Bergareche e engade que para o próximo curso académico se intensificarán as reunións periódocas de coordinadores de cursos e de Graos para identificar as dificultades e as ventaxas que se aprecian. Ademáis se intentará que a esas reunións asistan os representantes de alumnos dos Graos para que traladen a súas inquietudes.

En todo caso, apunta que este equipo decanal traballará para que exista a máxima coordinación posible, e que aínda que a proposta feita lle parece moi interesante, hai que ter en conta as limitacións de espazo que poden existir para poñela en marcha. De calquera xeito hai que estudar cómo se poden facer confluir tódolos intereses.

Ademáis, insta aos membros da Xunta de Facultade a que fagan propostas desta índole.

Finalmente a Decana se suma á felicitación ao anterior equipo decanal, na persona, en relación co Grao en Dereito pola súa coordinación, do Profesor Pablo Grande Seara.

Apróbanse as guías e os horarios do Grao en Dereito por asentimento.

Cuarto punto.-Aprobación, se procede, das guías docentes da titulación: Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2010/2011

Non houbo modificacións respecto á información enviada por correo electrónico. Se alaba o traballo que fixo o profesor Ángel Mariño de Andrés na coordinación desta titulación.

Apróbanse as guías e os horarios do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos por asentimento.

Quinto punto.- Aprobación, se procede, da proposta de calendarios de exames das dúas titulacións que se imparten na Facultade para o curso académico 2010/2011.

A Decana explica a complexidade da proposta feita, que responde en boa parte á superposición de antigas titulacións coas novas durante algún curso académico.

Por correo remitiuse a proposta de calendario de exames de Licenciatura, Diplomatura e Graos, pero sucede que as antigas titulacións tiñan máis convocatorias que os Graos que só teñen as de xaneiro, maio e xulio. Ademáis existe o compromiso de que a Licenciatura e Diplomatura a extinguir materán mentres continúen a convocatoria extraordinaria de decembro. Por outra banda, os alumnos repetidores dos Graos de asignaturas de segundo cuatrimestre teñen dereito a examinarse no primeiro cuatrimestre (convocatoria de xaneiro). Os criterios para concretar cómo se deben fixar os exames (exemplo se as convocatorias son o non universais) non están aprobados pola Universidade no momento de celebración da Xunta. De feito, neste intre están reunidas a Xefa de alumnado da Universidade, as Xefas de Negociado de alumnos dos Centros e, en xeral, tódalas persoas relacionadas coa convocatoria das matrículas.

En concreto, a Xefa da Área Académica deste Centro, Dona Nieves López Prieto, tivo a amabilidade de estudar a normativa e confirmado que dacordo co seu parecer os alumnos repetidores teñen dereito a unha convocatoria extraordinaria en xaneiro das materias do segundo cuatrimestre.

Existe urxencia na aprobación dos calendarios de exames pois teñen que estar antes do día 30 de xuño xa que a aplicación na que se ten que volcar esta información péchase.

En tanto que, pese a non estar aprobados os criterios comúns sobre este punto pola Universidade, non se suspendeu o prazo para fixalas datas polos Centros e quizáis non se suspenda na medida en que se ten que abrir o prazo de matrícula para o próximo curso, a Decana solicita á Xunta que se aprobe a proposta presentada condicionada á posibilidade de correxila en Comisión Permanente, no seu caso, de non adaptarse aos criterios xerais que finalmente se aproben pola Universidade.

Por outra banda, advírtese que por correo electrónico non se enviaron as datas para os exames extraordinarios de xaneiro nen do Grao en Dereito, nen do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Por iso esta parte da proposta é leída por María del Mar Rodríguez, Vicedecana de Asuntos Económicos e Infraestructuras.

Pola Decana se solicita que a Xunta aprobe tódalas datas propostas pedindo tamén a delegación expresa para tratar os inconvintes que poidan plantexar os profesores non presentes respecto da data proposta que se leerá dos exames extraordinarios.

Aclárase que, de ser preciso, se convocaría a Comisión Permanente da Xunta de Facultade para o martes día 30 de xuño.

A Vicedecana Mar Rodríguez comeza sinalando que na proposta feita aqueles exames respecto dos que se indica que comezan ás 15.30 é porque no período no que se realizan o Centro pecha as 19 h, e así non se impide que os exames poidan ter unha duración de 3 horas. Seguidamente lee a proposta de exames advertindo que será tamén enviada por correo electrónico.

A Profesora Amparo Rodríguez Damián pide, de ser posible que se fagan coincidir as datas dos exames de Informática II e Novas tecnoloxías do Grao en Dereito. Se comproba que é posible e se inclúe este cambio na proposta.

Se aproba por asentimento a proposta de exames dos Graos.

O alumno Fernán Carrera Outón, plantexa unha observación aos exames de licentura en Dereito de decembro e fin de carreira do primeiro curso, dado que coinciden Dereito Romano e Contabilidade financeira o día 29 de novembro. Explica que son dous materias importantes en canto á carga lectiva que teñen e que non debería coincidir os dous exames o mesmo día.

Decídese manter a data de Dereito Romano e cambiar a data de Teoría do Dereito que estaba para o día 2 de decembro con Contabilidade Financieira.

O mesmo alumno fai a mesma observación respecto aos exames de Dereito Penal e Dereito Civil se propón cambiar a data dunha das dúas ao lugar de Historia económica. Tamén propón cambiar o examen de informática para o día 2 de decembro e o de Organización de Empresas para o día 3.

En relación aos exames de Xuño de 2011 de Dereito se acorda pasar o exame de Contabilidade Financieira do 30 ao 31 de maio e o exame de Dereito Penal II do 2 ao 19 de maio.

Os alumnos explican que os cambios que piden están motivados pola intensidade das materias.

Apróbanse por asentimento tódolos cambios suxeridos. De tódolos xeitos a Decana explica que se mandará toda a información por correo.

No sexto punto.-6. Aprobación da composición das Comisións delegadas da Xunta de Facultade

A Decana da lectura da nova composición das Comisións. Lee unha por unha a composición das seguintes Comisións:

COMISIÓN PERMANENTE:

PDI permanente

Ana María Pita Grandal (Área de Dereito Financiero e Tributario) (Decana)

Javier de Vicente Remesal (Área de Dereito Penal)
Encarna Davila Millán (Área de Dereito Mercantil)
Jaime Cabeza Pereiro (Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social)
Esther González Pillado (Área de Dereito Procesual)
Helena Martínez Hens (Área de Dereito Civil)
Almudena Bergareche Gros (Área de Dereito Constitucional)
Pedro Bouso Cedrón (Área de Economía Aplicada)
Patricia Valcárcel Fernández (Área de dereito Administrativo) (Secretaria)

PDI non permanente

Ángel Aday Jiménez Alemán (Área de Dereito Constitucional)

PAS

María Nieves López Prieto
Elena Iglesias Prado

Representantes de alumnos

Sara Cordo Gómez
Nadia Billordo Ferruto
Ángela Soledad González Faro
D^a Gabriel Rolando Beiro
D^o.- Fernan Carrera Outón

COMISIÓN DE DOCENCIA:

PDI permanente

Ana María Pita Grandal (Área de Dereito Financiero e Tributario) (Decana)
Pilar Allegue Agüete (Área de Filosofía do Dereito) (Vicedecana de Profesorado)
Almudena Bergareche Gros (Área de Dereito Constitucional) Directora do Departamento de Dereito Público)
Helena Martínez Hens (Área de Dereito Civil) (Directora do Departamento de Dereito Privado)
Jaime Cabeza Pereiro (Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social) (Representante do Departamento de Dereito Público Especial)
Patricia Valcárcel Fernández (Área de Dereito Administrativo) (Secretaria da Comisión)

PDI Non permanente

Luis Muleiro Parada (Área de Dereito Financiero e Tributario)

PAS

Nieves Lopez Prieto

Representantes Alumnos

RLL Sara Cordo
D^a Gabriel Rolando Beiro

Dº.- Fernan Carrera Outón

COMISIÓN DE CONVALIDACIÓN VALIDACIONES

PDI Permanente

Ana María Pita Grandal (Área de Dereito Financiero e Tributario) (Presidenta)

Pilar Allegue (Área de Filosofía do Dereito)

Sonia Rodríguez-Campos González (Área de Dereito Administrativo)

Ángel Mariño de Andrés (Área de Dereito Civil)

Patricia Valcárcel Fernández (Área de Dereito Administrativo) (Secretaria)

PDI Non Permanete

Nora Martínez Yáñez (Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social)

PAS

Nieves López Prieto

RRLL Sara Cordo

Dª Gabriel Rolando Beiro

Dº.- Fernan Carrera Outón

COMISIÓN DE BIBLIOTECA E EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

PDI Permanente

Ana María Pita Grandal (Área de Dereito Financiero e Tributario) (Presidenta)

Patricia Valcárcel Fernández (Área de Dereito Administrativo) (Secretaria)

Pablo Grande Seara (Área de Dereito Procesual)

Beatriz González Moreno (Área de Dereito Eclesiástico do Estado)

Mar Rodríguez Domínguez (Área de Organización de Empresas) Vicedecana de Asuntos económicos e Infraestructuras)

María Teresa Martínez Táboas (Área de Historia do Dereito)

PDI Non Permanente

Ángel Aday Jiménez Alemán (Área de Dereito Constitucional)

PAS

Antonio Escudero Vázquez

Representantes de alumnos

RRLL.- Paula Piñón Ventín

RRLL.- Nadia Billordo

Dereito.- Fernan Carrera Outón

COMISIÓN DE CALIDADE

1.- Representación do equipo Decanal

Ana María Pita Grandal (Decana do Centro) (Presidenta da Comisión)

Patricia Valcárcel Fernández (Secretaria da do Centro) (Secretaria da Comisión)

2.- Representación do PDI das Titulacións do Centro

Grao en Dereito Dereito, Licenciatura en Dereito: Carmen Ruiz Hidalgo

Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos; Diplomatura en Relacións Laborais:

Belén Fernandez Do Campo

Master en Protección de Menores en situación de conflito e desprotección social: Pablo Grande Seara

Master en Ordenación Xurídica do Mercado: Jaime Aneiros Pereira

3.- Representacións de alumnos das titulacións do centro

RLL: Sara Cordo

Dereito: Sheila Álvarez Pérez

Master en Protección de Menores en situación de conflito e desprotección social: Teresa Pereira Garrido

OJM: Félix Alejandro Alba Cloris

4. Representacións de egresados das titulacións do Centro

Dereito: Diana Soto López

Relacións Laborais: Cristina Bugarín Táboas

Master en Protección de Menores en situación de conflito e desprotección social: Ádega Castro Fernández

Master en Ordenacións Xurídica do Mercado: Lucía Carrillo Lorenzo

5.- Representacións de empregadores/sociedade

Alfonso Álvarez Gándara: Decano do Ilustre Colexio de Abogados

6.- Representacións do PAS do Centro

Nieves López Prieto

7.-Representacións da Área de Calidade

Raquel Gandón Chapela

A Decana explica que se van a crear máis Comisións na Facultade nas que se integrarán máis persoas. Así, avanza que se creará unha de Relacións Internacionais para xestionar Programas como Erasmus, Seneca ou Erasmus Mundus.

Polo que se refire á Comisión de Garantías e Calidade a Decana pide a delegación expresa na Comisión Permanente para poder, no seu caso, substituír aos egresados propostos que forman parte da Comisión cos que aínda non se puido falar.

A Decana recorda aos alumnos que na medida en que os representantes rematen as súas carreiras deben preocuparse porque desde Delegación de alumnos propondan aos representantes que os substitúan para que sempre teñan representación.

A Xunta aproba por asentimento a nova composición proposta das Comisións e a delegación solicitada na Comisión Permanente nos termos expostos pola Decana.

No sétimo punto.- Rogos e preguntas

O Profesor Pablo Grande Seara comunica que hai uns 10 días presentou un escrito no Decanato renunciando a seguirlas como Coordinador do Grao en Dereito. Pregunta se xa se coñece a identidade da persoa que o substituirá, e que se non é así, se nomee en breve.

A Decana explica que se están barallando diversos nomes e que levará unha proposta á próxima Xunta de Facultade, e agradece ao Profesor Pablo Grande a súa paciencia e colaboración.

No hai máis rogos e preguntas.

Se levanta a sesión sendo las 14.25 horas.